

II Circuito Deputación probas en pista 2024 **3ª Xornada**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña, o “II Circuito de atletismo de probas en pista da Provincia da Coruña”, a celebrar nas seguintes datas:

16 de novembro	Santiago de Compostela
30 de novembro	A Coruña
15 de decembro	Ferrol

Art.2).- Participación

Poderán participar atletas pertencentes a clubs da Provincia da Coruña e con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, establecéndose como categoría de participación a que lles corresponda para a tempada 2025:

Sub 14 nados en 2012 e 2013

Sub 12 nados en 2014 e 2015

Sub 10 nados en 2016 e 2017

- **En cada xornada, cada atleta poderá participar nun máximo de dúas probas, das cales unha será unha carreira e a outra un concurso.**
- **No caso de ter que acoutar a participación, por mor dunha elevada inscrición, aceptarase como mínimo a un atleta por entidade.**

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> con límite ata as 20:00 horas do luns anterior á proba.

- **Cada club deberá indicar, no campo observacións de cada proba, a orde de preferencia entre os seus atletas, a fin de axilizar a xestión no caso de ter que limitarse as prazas por entidade.**

Art.4).- Comunicación de baixas

As baixas comunicaranse remitindo un correo a servizos@atletismo.gal, con prazo límite ata as 12:00 horas do mércores anterior á proba.

Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais realizaranse 3 intentos.



Art.6).- Táboas e cadencias

- Tódalas categorías saltarán dende táboa a 1 metro.
- Cadencias:

Sub 12	0,95 - 1,02 - 1,09 - 1,14 - 1,19 e de 4 en 4 cm.
Sub 14	1,08 - 1,15 - 1,21 - 1,26 e de 4 en 4 cm.

- Non se realizará desempate polo primeiro posto.
- O gañador de cada proba deberá seguir a cadencia establecida

Art.7).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito.

- Os dorsais entregaranse por club, debendo recollelos o seu delegado.
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.8).- Horario

HORA	Carreira	Categoría	Altura	Lonxitude	Peso
10:00	500	Sub 14 Homes	Sub 12 Homes	Sub 10 H-M A	Sub 14 Mulleres
10:15	500	SUB 14 Mulleres			
10:30	500	Sub 12 Homes			
10:45	500	SUB 12 Mulleres			
11:00	50	SUB 10 Homes	Sub 12 Mulleres	Sub 10 H-M B	Sub 12 Mulleres
11:30	50	SUB 10 Mulleres			
12:00	60	SUB 12 Homes	Sub 14 Homes	Sub 14 H-M A	Sub 12 Homes
12:30	60	SUB 12 Mulleres			
13:00	60	Sub 14 Homes	Sub 14 Mulleres	Sub 14 H-M B	Sub 14 Homes
13:30	60	SUB 14 Mulleres			

**Poderá sufrir modificacións segundo a inscrición.*

Art 9).- Premios

O acto de entrega de premios do circuío realizarase no mes de febreiro.

- Clasificación individual

Entregaranse trofeos por proba, categoría e sexo, ós atletas que acaden as tres mellores marcas ó termo do circuío. En caso de empate, resolverase segundo enfrontamentos directos e, en caso de persistir, terase en conta a segunda mellor marca feita no circuío.

- Clasificación por clubs

Entregaranse trofeos ós 3 clubs que totalicen maior puntuación entre tódalas probas, categorías e sexos.

Outorgaranse 10 puntos ó primeiro clasificado do ránking final de cada proba , 9 puntos ó segundo, e así sucesivamente ata asignar 1 punto ó décimo.



**Federación Galega
de Atletismo**



**Deputación
DA CORUÑA**

**Cada atleta só poderá sumar para o seu club as súas dúas mellores puntuacións.
O 11º non levará puntuación, malia que un atleta que lle preceda non puntúe nesa
proba por puntuar mellor noutras dúas.**

**Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta
orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**